



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito sindical II

Materia	Dereito sindical II			
Código	V08G211V01601			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 3	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Emma			
Profesorado	Martínez Yáñez, Nora María Rodríguez Rodríguez, Emma			
Correo-e	emmarodriguez@uvigo.es			
Web	http:// http://webs. uvigo.es			
Descrición xeral	O curso oriéntase na explicación, asimilación e manexo dos principais conceptos, doutrina e xurisprudencia sobre o Dereito Sindical e o Dereito Colectivo do Traballo			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para buscar, analizar y sintetizar información para construír argumentos y emitir juicios en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidade para comunicar y defender de forma oral y escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidade para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B4	Capacidade para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional
B5	Capacidade para desarrollar su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional
C11	Conocer e interpretar el marco normativo regulador del derecho colectivo de las relaciones laborales para ser capaz de asesorar a organizaciones sindicales y empresariales y a sus afiliados
D1	Capacidade de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión
D4	Capacidade de comportarse de manera ética y con responsabilidad social como ciudadano y como profesional, respetando la diversidad y multiculturalidad
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados de la realidad en relación con su significado y relacionarlos con las distintas ramas del ordenamiento jurídico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

O alumno/a coñece e estuda o dereito colectivo do traballo con obxecto de realizar funcións de representación e negociación nos diferentes ámbitos das relacións laborais	A2 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5	C11	D1 D4 D5
---	----------------	----------------------------	-----	----------------

Contidos

Tema	
NEGOCIACIÓN COLECTIVA E CONVENIOS COLECTIVOS. OUTROS INSTRUMENTOS NEGOCIAIS	Tema 1.- A negociación colectiva: suxeitos negociadores e ámbitos persoal, funcional, territorial e temporal A lexitimación para negociar. As unidades de negociación. A Comisión consultiva nacional de convenios colectivos. A concorrencia de convenios. Acordos interprofesionais e acordos sobre materias concretas. Duración e sucesión de convenios. Tema 2.- A negociación dos convenios A constitución da comisión negociadora. Solicitude de negociación. Deber de negociar de boa fe. Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios. Adhesión e extensión.
A NEGOCIACIÓN DOS CONVENIOS COLECTIVOS NO SECTOR PRIVADO E NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	Tema 3.- Os acordos interprofesionais vixentes. Acordos autonómicos. Remisión. Negociación intersectorial. Tema 4.- A negociación colectiva na Administración Pública. Especialidades da negociación colectiva do persoal laboral ao servizo da Administración Pública. A negociación colectiva do persoal laboral e estatutario: fundamento constitucional. Os suxeitos negociadores. A estrutura: as mesas de negociación. Contidos. Tramitación. Pactos e acordos.
O CONTROL ADMINISTRATIVO E XUDICIAL DOS CONVENIOS	Tema 5.- Concepto de ilegalidade e lesividade. As funcións da autoridade laboral. O proceso de oficio. O proceso de impugnación directa de convenios colectivos. A demanda de inaplicación do convenio. A virtualidade das cláusulas de vinculación á totalidade. Doutrina do equilibrio interno do Convenio. Tema 6.- O contido dos convenios e a súa administración Normativo e "deber de paz". Contido mínimo. Referencia específica ás comisións paritarias. O convenio colectivo como instrumento de xestión empresarial. Tema 7.- Outros instrumentos negociais. A negociación colectiva extraestatutaria. Admisibilidade e eficacia. Os acordos de empresa. Os acordos en fase de consultas. Modificación sustancial e mobilidade xeográfica. Inaplicación do convenio. Regulación de emprego temporal e definitiva. Plan de Igualdade.
CONFLICTOS COLECTIVOS E FOLGA	Tema 8.- Conflictos laborais Concepto. Xurídicos e de intereses. Individuais e colectivos. Procedementos de solución. Negociación directa. Conciliacións, mediacións e arbitaxes. Públicos e privados. O procedemento de conflito colectivo. A solución procesal. Conflictos individuais e colectivos. Tema 9.- Os acordos interprofesionais de solución extraxudicial de conflitos. Especial referencia ao Acordo Galego. O mecanismo de conciliación-mediación. Laudos arbitrais. Fixación de servizos de mantemento Especial referencia ó ASAC. Tema 10.- O dereito de folga (I). Concepto. A fola na OIT A folga na Constitución. As súas fontes reguladoras. Lexitimación e declaración. Os seus efectos no contrato de traballo e nas relacións de Seguridade Social. Comité de folga. Publicidade e piquetes. Cesamento da folga. Sistemas de solución. Remisión. Poderes gubernamentais de emerxencia. "Intervencións" e arbitraje obrigatorio. Tema 11.- O dereito de folga (II). Servizos esenciais, mínimos e de mantemento. Concepto de servizo esencial. Os servizos mínimos como resposta. Fixación de servizos mínimos. A autoridade gubernativa. Resolución de servizos mínimos. Impugnabilidade. Concreción técnica do empresario. Servizos de mantemento. Tema 12.- O dereito de folga (III) Folgas ilegais, abusivas e especiais. Folgas ilegais. Políticas, de solidariedade e novatorias. Folgas ilícitas ou abusivas. Con ocupación de dependencias, rotatorias e en sectores estratéxicos. Acción colectiva irregular. Referencia ás folgas de breve duración e intermitentes. Tema 13.- O peche patronal. A doutrina do Tribunal Constitucional. O peche como poder de policía. Supostos legais. Autoridade laboral. Funcións. Outras medidas de conflito do empresario

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34	0	34
Estudo de casos	15	15	30
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Práctica de laboratorio	1	20	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	34	35
Debate	18	0	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos principais da materia obxecto de estudo, as súas bases teóricas e directrices fundamentais, contidos que serán obxecto de avaliación nas diferentes probas desenvolvidas durante o curso.
Estudo de casos	Prantexamento e resolución de casos e supostos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal efecto, o docente propondrá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos e sentencias, etc. coa finalidade de coñecerlos, interpretalos e, no seu caso, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os coñecementos teóricos e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estrutura a materia e do proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos	Entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estrutura a materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do examen final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	30	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5
Práctica de laboratorio	Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba/examen práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso práctico no que o alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuatrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 25 % da nota final.	25	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluírá entre 5 e 7 preguntas de desenvolvemento sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30 % da nota final.	30	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5

Debate	A participación e intervención en clase, a realización dos supostos prácticos, a preparación, cando así proceda, das leccións teóricas... e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado para superar a materia ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor ponderado sobre a cualificación final do 15%. EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA PARTICIPACIÓN EN CLASE E NAS PROBAS TIPO TEST POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NA PROBA DE RESPOSTA LONGA E NA PROBA PRÁCTICA FINAL, DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MEDIA DE 4,0 NESTAS DÚAS ÚLTIMAS PROBAS. DE NON SER ASÍ, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA EVALUACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, PODENDO CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA	15	A2 B1 C11 D1 A4 B2 D4 A5 B3 D5 B4 B5
--------	--	----	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA ORDINARIA MAIO (Sistema de avaliación continua/sistema avaliación final)

DATA EXAMEN: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

a) Avaliación continua. Ao comenzo do curso, o alumnado deberá manifestar, a súa vontade de someterse ao sistema de avaliación continua. Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar asistencia a un 80 % das clases teóricas e prácticas. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

b) Avaliación final. Aqueles/as alumnos/as que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e de carácter práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final.

CONVOCATORIA ORDINARIA XULLO

DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

Se o/a alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de xuño, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o/a alumno/a tería que someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:

DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade

Na convocatoria FIN DE CARREIRA o alumno será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico que representará o 100 % da nota final

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

SEMPERE NAVARRO ANTONIO , GALIANA MORENO JESÚS MARÍA, **Legislación Laboral y de Seguridad Social (Dúo)**, Aranzadi, últ. edición

GARCÍA NINET, J. I., (dir.), **MANUAL DE DERECHO SINDICAL**, Atelier, últ. edición

SALA FRANCO, T., **Derecho Sindical**, Tirant lo Blanch, últ. edición

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C. y MORENO VIDA, M^a. N., **MANUAL DE DERECHO SINDICAL**, Comares, últ. edición

BAYLOS GRAU, A., **Sindicalismo y Derecho sindical**, 9^a Ed, Bomarzo, 2019

CABEZA PEREIRO, J., **Las elecciones sindicales**, Bomarzo, 2018

Dirección FRANCISCO VILA TIERNO Coordinación MARINA FERNÁNDEZ RAMÍREZ, **La respuesta normativa a la crisis laboral por el COVID-19**, Laborum, 2020

Bibliografía Complementaria

OJEDA AVILÉS, A., **Compendio de Derecho Sindical**, Tecnos, últ. edición

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito sindical I/V08G211V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito da seguridade social I/V08G211V01402

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

MODIFICACIÓNS NO SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

MODALIDADE: (antiga redacción)

Durante o cuadrimestre realizaranse 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do exame final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.

Participación e intervención nas clases prácticas, a preparación dos supostos prácticos, a realización de cuestionarios na plataforma faitic, a asistencia a actividades formativas organizadas pola área de Dereito do Traballo e, en xeral, calquera actividade desenvolvida polo alumnado á marxe das probas obxectivas parciais e finais tendo un valor ponderado sobre a cualificación final do 15%.

Exame de preguntas de desenvolvemento

Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/exame final. Trátase dunha proba teórica e escritura, que incluírá entre 5 e 7 preguntas de desenvolvemento -curto ou medio- sobre os distintos epígrafes do programa. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30% da nota final.

Práctica de laboratorio

Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/exame final. Trátase dunha proba/exame práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso práctico no que alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuadrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 25% da nota final.

NOVA REDACCIÓN MODALIDADE (nova redacción)

Durante o cuadrimestre se realizarán 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do examen final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.

A entrega dos supostos prácticos que se plantexen, fundamentalmente, e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado para superar a materia ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuadrimestre, tendo un valor ponderado sobre a cualificación final do 15%.

Exame de preguntas de desenvolvemento:

Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que se plantexará telemáticamente e que consistirá nunha serie de cuestionarios/preguntas plantexados a través da plataforma Faitic sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia nas súas respostas. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30% da nota final.

Práctica de laboratorio:

Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba/examen práctico que se plantexará telemáticamente e consistente na resolución, por escrito, dun ou varios supostos/casos prácticos/cuestionario no que o alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuadrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 25% da nota final.

MODIFICACIÓN SISTEMA AVALIACIÓN EXAME FINAL:

Aqueles/as alumnos/as que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados nun examen final. Trátase dunha proba escrita, que se plantexará telemáticamente, e que consistirá nunha serie de cuestionarios/preguntas plantexados a través da plataforma Faitic sobre os distintos epígrafes do programa, e un ou varios supostos de carácter

práctico, sobre todos os contidos da materia. Este exame final representará o 100% da nota final.
